



Estimados veciños e veciñas de Nogueira de Ramuín.

Como Presidente da Corporación Municipal deste Concello, diríxome a todos vós nun dos momentos, senón o momento, máis difícil que estamos a pasar dende fai moitas décadas.

Somos conscientes que esta situación actual non é fácil, nin para os veciños e veciñas, nin para empresarios e autónomos, nin para ninguén en xeral.

Esta crise sanitaria que estamos atravesando non a podemos superar senón cumprimos coas medidas que nos recomendan as autoridades na materia, sendo as máis básicas: o distanciamento social, unha boa hixiene de mans e quedándonos na casa. Pero tampouco podemos esquecer cumprir estritamente coas obrigas cívicas e de boa veciñanza.

Por iso apelamos ao sentido común de cada veciño e veciña, e así, coa colaboración de todos, fagamos que esta situación sexa o máis levadía posible, dedicando os nosos recursos e os nosos esforzos aos que realmente o necesiten.

Dende o Concello trabállase arreo para conseguir que todo isto salga ben, repartindo alimentos e medicamentos, equipos de protección, imprimindo as tarefas escolares en colaboración coa ANPA, desinfectando os lugares máis concorridos, así como as Residencias de Maiores e o Centro de Saúde. Ademais, na maioría destas tarefas, non estamos sós, senón que contamos coa axuda permanente da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Ourense, e do Corpo da Garda Civil.

Por todo elo, non me queda máis que agradecervos a exemplaridade que estades dando.

- Aos veciños e veciñas por quedar na casa e cumprir coas durísimas obrigas sanitarias e de confinamento que nos impoñen e recomendan.
- Tamén, moi especialmente, aos nenos e nenas polo ben que se están a comportar.
- Aos comercios que teñen que estar abertos e dando servizos esenciais ás persoas nun momento tan complicado.
- Aos traballadores do Concello, tanto da administración como aos que están a traballar na rúa, pola profesionalidade que están a demostrar para que todo isto siga funcionando.
- Á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil pola gran labor de colaboración que están a realizar.
- Ás empresas e autónomos, que cando todo isto comezou, unhas ofreceron as súas instalacións e outras doaron os seus equipos de protección, que foron destinados rapidamente ao persoal do Concello, ao Servizo de Axuda no Fogar e a Protección Civil, para poder seguir cumprindo coas obrigas.

Sen esquecermos tampouco dos voluntarios e voluntarias, que sen interese algún, ofrecéronse ou están a participar e axudar para que todo isto salga ben.

Informar tamén que estamos á espera de recibir unha importante cantidade de mascarillas de protección, xa abonadas, para achegalas o antes posible a toda a veciñanza.

Ao mesmo tempo, quero pedir desculpas por aqueles erros ou atrasos nalgunha intervención que puidesen acontecer, co ánimo de ir corrixíndoos e servir a todos da mellor maneira posible dentro das actuais circunstancias.

A todos vós, moitas, pero que moitas grazas desde esta CORPORACIÓN.

Lembrede que estamos ao voso lado e que xuntos imos conseguilo.

José César Párente Pérez